

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA de Oroso

CURSO: Ed. Infantil

MATERIA:

DEPARTAMENTO:

DATA: 12/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios e indicadores imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

1. CRITERIOS E INDICADORES IMPRESCINDIBLES	
CRITERIOS	INDICADORES ESPECÍFICOS
AREA COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL	
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes. - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptado ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá. - Construír unha imaxe positiva e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións. - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as das demais persoas. - Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas. 	<ul style="list-style-type: none"> → Nomea e recoñece as principais partes do seu corpo. → Logra unha representación, un debuxo, da figura humana. → Manifesta un control progresivo do corpo nas diferentes situacións e actividades (na casa, na escola), xogos, rutinas e tarefas da vida cotiá. → Ten autonomía (é capaz de organizarse) de acordo coas súas posibilidades. → Persevera na realización das súas actividades e busca estratexias para a resolución dos problemas cotiás. → Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.

<ul style="list-style-type: none"> - Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. - Manifestar hábitos e saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas. 	<ul style="list-style-type: none"> → Participa activamente nos xogos propostos → Respeta as normas, soluciona autonomamente as necesidades que xorden durante o xogo. → Distingue as diferentes rutinas, actividades cotiás e participa activamente. → Amonsa autonomía na realización de tarefas cotiás: hixiene, alimentación, coidado (orde e limpeza) da aula (do entorno próximo). → Identifica situacións e obxectos perigosos → Amonsa cautela ante situacións descoñecidas.
<p>AREA COÑECEMENTO DO CONTORNO</p>	
<ul style="list-style-type: none"> - Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. 	<ul style="list-style-type: none"> → Amonsa interese e capacidade por explorar obxectos e materias do entorno mediante actividades manipulativas. → Identifica propiedades físicas e observables: forma, cor, tamaño, peso...

<ul style="list-style-type: none"> - Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. - Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade. - Recoñecer algún aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas. - Usar e comprender nocións temporais básicas ordenado temporalmente feitos referidos á súa vida. - Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos. - Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización. - Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza. 	<ul style="list-style-type: none"> → É capaz de establecer relación entre características, atributos. → Fai uso do coñecemento sobre os número en situacións funcionais. → Desenvolve habilidades lóxico -matemáticas, en situacións contextualizadas e significativas, (preparacións de receitas, rexistros, coleccións, xogos de mesa) establecendo relación cuantitativas e cualitativas, facendo estimacións, cálculos sinxelos... → É capaz de empregar nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa. → Iniciouse na utilización de nocións temporais para explicar feitos significativos da súa vida. → Aмосa actitude de respecto, coidado e protección cara o medio ambiente. → Recoñece os cambios principais que se producen nas persoas ao longo da súa vida. → Coñece e vincúlase afectivamente cos compañeiros de aula. → Adapta o seu comportamento as regras dos diferentes contextos.
--	---

	<p>→ Identifica e valora manifestacións culturais próximas.</p> <p>→ Sente curiosidade por coñecer manifestacións culturais doutras realidades.</p>
--	---

AREA LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas. - Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respetuosa. - Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación. - Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes. 	<p>→ É capaz de comunicarse oralmente, con claridade e corrección suficiente, (linguaxe fluída) respondendo as diferentes intencións comunicativas.</p> <p>→ Coñece e respecta as normas que rexen en situacións comunicativas- quendas intervención , escoita activa, respecto a opinións diversas...</p> <p>→ Escoita e comprende os principais mensaxes, relatos, contos, descrições, explicacións ...a través de diferentes medios.</p> <p>→ Aмосa unha actitude positiva e participa activamente nas situacións rutinarias, de saúdo, xogo, canción, dramatización... en lingua estranxeira</p> <p>→ Aмосa interese polos textos escritos presentes na aula e no entorno (nome propio e dos compañeiros, semellanzas e diferenzas cualitativas e cuantitativas entre palabras).</p>
---	--

<ul style="list-style-type: none"> - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo- con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo... - Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas... - Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais. - Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións, e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. - Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> → Iniciase no uso e na comprensión de pequenos textos escritos e das súas finalidades. → Participa en situacións significativas de lectura e escritura desenvolvidas a través de diferentes medios. → Iniciase na produción de textos (tendo en conta as etapas de adquisición da lingua escrita) por ex. nome, palabras significativas. → amosa interese e gozo pola participación en xogos lingüísticos – encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas,...acompañados de respostas corporais. → Utiliza as diferentes representacións – plásticas, musicais, corporais e audiovisuais- para plasmar os seus coñecementos, sentimentos e aprendizaxes, empregando diferentes materiais, instrumentos e técnicas. → Aмосa gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do seu corpo, da voz, dos elementos plásticos e o son. → Aмосa interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.
--	---

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Seguemento do traballo realizado a través de diferentes medios, na aula virtual (acceso, envío de materiais, rexistros...), conexións webex individuais e en grupo, chamadas telefónicas, tarefas e traballos enviados.</p>
	<p>Instrumentos: Informes da aula virtual do alumnado con datos de acceso. Cartafol individual cos traballos enviados pola familia do alumnado por calquera medio de comunicación dos establecidos polo centro. Informes seguemento das propostas de traballos semanais realizadas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, basearémonos nas cualificacións do 1º e 2º trimestre do curso 19-20, valorando de xeito positivo o traballo deste 3º trimestre. A repercusión do traballo do 3º trimestre nas cualificacións finais do alumnado solo poderá ser positiva.</p> <p>Para cualificar ao alumnado na avaliación final, manterase a nota do 2º trimestre, podendo mellorarse, de ser o caso, polo traballo desenvolvido no 3º trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendent	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Continúanse realizando tarefas, actividades, propostas, de consolidación das aprendizaxes iniciadas durante o primeiro e segundo trimestre, dado o carácter globalizado de infantil.</p> <p>Fixéronse tarefas de recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación, na medida en que cada alumno/a podía avanzar.</p> <p>Individualizouse ao máximo o proceso de ensino-aprendizaxe.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>En xeral, a proposta metodolóxica realizada, tentou ser aberta e flexible, para adaptarse ao máximo ao novo contexto educativo, procurando non depender exclusivamente de material impreso.</p> <p>Alumnado con conectividade: Publicación de propostas didácticas na aula virtual do centro. Videoconferencias grupais dúas veces por semana. Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail aula virtual, aplicacións de mensaxería...)</p> <p>Alumnado sen conectividade: Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail aula virtual, aplicacións de mensaxería...).</p>
Materiais e recursos	<p>Propostas didácticas presentadas na aula virtual.</p> <p>Experiencias con utensilios e materiais que atopen na súa contorna, e baseadas no aproveitamento dos recursos do fogar.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Videoconferencias, aula virtual e web do centro.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Publicada a información na web do centro, con data 15/05/20 e enviada unha mensaxe por abalarMóbil a cada un dos proxenitores.</p>